



Discurso do alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, co gallo do encontro cidadán de Nadal do 29 de decembro de 2017

Boa tarde a todos e a todas.

Tres anos non fan tradición, pero empezan a ser un costume, unha maneira de ser e de facer. E os costumes, as maneiras de ser e de facer, cando son compartidas, definen a unha familia, a unha comunidade, a un barrio, a toda unha cidade. Hoxe, por terceiro ano consecutivo, vémonos no pazo de María Pita para despedir o ano e desexarnos o mellor para o vindeiro co conxunto da Corporación, con outras autoridades, cos traballadores e coas traballadoras municipais, con membros dalgunhas das institucións máis relevantes da Coruña, coas entidades que fan máis forte e máis protagonista cada día a nosa sociedade civil e con veciños e veciñas de todos os barrios, dende Monte Alto até Nostián. A todos e a todas vós, de corazón, o meu máis sincero agradecemento por aceptardes o convite. É un pracer abriros de novo as portas do Concello. Estadades na vosa casa.

Como adoita dicir o alcalde de Londres, se o século XIX foi o dos imperios e o XX o dos estados-nación, o século XXI é o século das cidades. Para ben e para mal, pero sobre todo para ben. As cidades son as causantes do 70% dos residuos e da emisión de gases de efecto invernadoiro e do 60% do consumo enerxético, pero tamén producen o 70% do PIB mundial e son os lugares onde vivirán catro de cada cinco persoas en 2050. As cidades espremen cada día un planeta exhausto para poder funcionar, pero tamén son os lugares máis eficientes na racionalización dos recursos e as responsables de atender, dende a proximidade, as necesidades básicas de millóns de persoas. As cidades poñen a proba cada día a nosa capacidade para convivir con quen é diferente a nós, pero son tamén, como nos demostrou Barcelona despois dos terribles atentados das Ramblas, exemplo de solidariedade, integración e dignidade fronte á intolerancia e o terror.

As cidades, como nos recorda o profesor Benjamin Barber, convertéronse de novo, neste mundo globalizado, “na maior esperanza da democracia”. Mentres as institucións políticas tradicionais perden espazo e poder nun sistema que desborda os estados, clave durante case dous séculos, as cidades e as súas áreas metropolitanas emerxen como os auténticos protagonistas do presente pola súa capacidade para responder, mediante a cooperación e dende a proximidade,



poñendo en común as intelixencias e as capacidades dunha sociedade cada vez máis plural e capaz, tecendo rede, aos principais retos do noso tempo.

Para unha boa parte da opinión pública global, 2017 comezou coa investidura de Donald Trump como presidente dos Estados Unidos de América, unha auténtica ameaza para o planeta e os seus inquilinos, pero pouca xente repararía, talvez, en que Trump non gañou en ningunha das grandes cidades do seu país.

Posiblemente, a maioría das persoas que hoxe estamos aquí compartamos a nosa preocupación polo Brexit, unha resposta conservadora e insolidaria á deriva igualmente conservadora e insolidaria, inxusta para as maiorías sociais, da Unión Europea. Pero non debemos esquecer que os veciños e as veciñas de Londres, a maior cidade do Reino Unido, votaron abrumadoramente contra o abandono do espazo común europeo.

Tampouco son Berlín, Hamburgo, Francfort ou Múnic os lugares onde a extrema dereita alemá colleita os resultados que atemorizan a Europa, nin é París onde a Fronte Nacional de Marine Le Pen se fai forte alimentando a xenofobia.

As cidades, parece evidente, son hoxe a grande esperanza da democracia. E por iso precisamente o libro de cabeceira do profesor Barber se titula “Se os alcaldes gobernasen o mundo”. Porque as cidades son hoxe, no medio da treboada, espazos de tolerancia e integración e administracións de primeira necesidade. Porque hoxe volve ser atinada aquela frase popularizada, fronte á barbarie, na Idade Media: “O aire da cidade faite libre”.

Coidemos ese aire. Coidemos da cidade.

Despedimos un ano, coma todos, de claroscuros. A seca que mantén o encoro de Cecebre en mínimos históricos recórdanos, por se alguén prefería pechar os ollos, a importancia de facerlle fronte ao cambio climático cun cambio de modelo baseado na sustentabilidade e non na depredación.

Este foi un ano de celebración, pero tamén de bágoas, aínda que nin xuntando todas fósemos capaces de apagar uns incendios que non só levaron vidas, senón que deixaron patente que é necesario facer as cousas doutro xeito, pensando no noso futuro, no ben de moitos e non no beneficio duns poucos. Porque este, por máis que nos pese, foi tamén un ano marcado pola corrupción, polos sobres e polas iniciais que non deberían estar aí.

Pero o meu balance debe ser positivo, porque, a pesar da cinza, a pesar da corrupción e a pesar da seca, das salvaxes actuacións de quen falou co terror e non coa palabra, este foi un ano no



que todos e todas, xuntas, volvemos a levantar a voz. O mundo moveuse a favor da igualdade, e en contra da violencia machistas. Foi un ano no que as mulleres, e os homes, dixemos alto e claro: “Eu creo en ti”. E puxemos rostro e nome, e falamos sen reservas, de accións e actitudes que nunca se deben volver repetir nin tolerar nunha sociedade xusta. Foi no ano no que A Coruña marcou no calendario local o 8 de marzo, día Internacional das Mulleres. Foi un ano valente, no que clamamos, en Barcelona e en todo o Estado, que Non temos Medo, porque a barbarie nunca poderá acalar os dereitos nin as liberdades.

Aquí, na Coruña, tamén nos fixemos oír. Reivindicamos un litoral de todos e de todas, unha fachada atlántica cargada de futuro, uns peiraos que non poderán ser nunca furtados á cidadanía. Un ano que recordaremos porque abrimos portas que estiveron pechadas durante moito tempo, como o cárcere provincial, lugar marcado polo silencio e a represión, pero que agora dará voz, coa noso empeño, a toda a cidadanía da Coruña, a todos os colectivos con inquiredanzas culturais.

Un ano do que tamén perdemos a moitos e moitas veciñas, a maioría anónimos para a opinión pública, pero insubstituíbles para a súa xente. Un ano no que perdemos tamén a outras persoas menos anónimas. O ano do adeus a Alberto Martí, un home que, co seu traballo, fixo desta cidade un lugar mellor e do que lembraremos o seu labor á fronte da Cociña Económica e a súa ollada fotográfica, coa que documentou o avance da Coruña. Un ano que levou tamén, antes de tempo, a Ángel Hervada, a Anca, figura imprescindible para a comunicación local, defensor firme duns medios libres e plurais e cuxo pasamento deixa un oco doloroso na familia de Radio Coruña-Cadena Ser e de toda a radio coruñesa.

Dúas persoas para as que proporemos, no inicio do ano, unha das maiores honras que este Concello pode dar: a súa declaración como fillos predilectos da Coruña.

Hoxe facemos balance dun ano no que fomos capaces, a pesar da tardía aprobación dos presupostos de 2017, de completar unha execución orzamentaria cercana ao 80%, superando as cifras acadadas por outros executivos en anos anteriores que, ao contrario que nós, contaban con maioría absoluta no Pleno.

Este ano abordamos, de novo, iniciativas que fan desta unha cidade máis amable, máis próxima, máis acolledora, máis sostible e máis igualitaria. En definitiva, unha cidade máis xusta. Non en van puxemos en marcha o Centro Abeiro para seguir camiñando na consecución dun obxectivo fundamental que non deixaremos de perseguir: que nesta cidade non exista ningún veciño nin ningunha veciña sen un teito baixo o que durmir.

No noso empeño por garantir unha educación pública de calidade aplicamos unha importante rebaixa nas tarifas da rede de Escolas Infantís Municipais, introducindo a cota cero para as rendas



máis baixas, así como unha nova tarificación máis progresiva que se comezou a aplicar este curso e que facilita o acceso de todas as familias a estes espazos de calidade e de futuro, onde se forma a cidadanía de pasado mañá.

Esta cidade non pode deixar a ninguén atrás, e 2017 foi o tempo no que asentamos unha prestación tan fundamental para devolver a autonomía aos nosos veciños e ás nosas veciñas con dificultades, como é a Renda Social Municipal, que chega ao mes de decembro con máis de 300 persoas beneficiarias. Son 200 familias con 80 menores que hoxe teñen unha oportunidade da que antes carecían.

Arrastramos eivas históricas. Pode que non as poidamos solventar nun ano, nin en dous, nin nun mandato completo, pero o máis importante é que estamos a poñer sobre a mesa as condicións para que un día sexa posible. Refírome ao ambicioso plan contra o cambio climático, ao propósito de rematar 2018 con 1.500 árbores máis na cidade, un camiño que xa comezamos este ano con case 550 exemplares plantados.

Cando chegamos a esta casa, cando a praza entrou no pazo, decidimos que era necesario artellar e poñer en prácticas medidas reais e tanxibles que servisen para que a cidadanía puidese decidir. Este ano realizamos, con humildade e orgullo, os primeiros proxectos que foron definidos e escollidos pola veciñanza no proceso de orzamentos participativos, sendo o primeiro en inaugurarse o Parque Biosaudable do Castrillón.

“Son un home, e nada humano me resulta alleo”, deixou escrito Publio Terencio Africano no ano 165 antes de Cristo. Acórdome unha e outra vez desta máxima, que logo atravesaría toda a filosofía emancipadora da historia, cando a escoito dalgún xeito ecoar nunhas palabras do primeiro alcalde democrático de Vitoria, José Ángel Cuerda, reelixido en cinco ocasións. Unhas palabras que me repito unha e outra vez. Co sentido común e o pragmatismo que caracterizan a un alcalde, Cuerda sintetizaba de maneira xenial en que consiste a política municipal, en que consiste ser concelleiro ou concelleira, en que consiste ser alcalde: “Onde acaban as miñas competencias, comezan as miñas incumbencias”.

Nada do que acontece na Coruña nos é alleo. Nada do que lle acontece a un veciño ou a unha veciña da Coruña nos é alleo. Sexa de quen sexa a competencia, todo o que na Coruña acontece é da nosa incumbencia. E alí onde un concello non chega, sempre hai unha porta na que petar, alguén a quen esixirlle compromiso.

Eu confío na Coruña. Confío na capacidade desta cidade para saír adiante, para crear emprego, para asegurar o benestar da súa xente. Confío na capacidade da Coruña, motor económico do país, para liderar Galicia. Por desgraza, as miserias da competencia electoral e o temor que



nalgúns despachos esperta o potencial dunha cidade como a nosa, dunha área metropolitana como a da Coruña, nos obriga e nos obrigará no futuro (e non me refiro só ao concello, senón ao conxunto da veciñanza), a facer un esforzo aínda maior. E habémolo facer, pero non deixaremos de pedirlle á Xunta e ao Goberno do Estado que fagan coma nós. Que confíen na Coruña. Que confíen nos coruñeses e nas coruñesas.

Cando son máis necesarias ca nunca, convertidas en institucións de primeira necesidade, as administracións locais atravesan un escenario especialmente complexo en Galicia e no estado. As cidades son as grandes ausentes na Constitución de 1978, que apenas lles presta atención, e imos por detrás das principais áreas urbanas do continente na articulación de instrumentos de goberno metropolitano, obviando que máis da metade da poboación española (uns 23 millóns) vive en apenas unha ducia de cidades.

Prestamos servizos esenciais para a vida e a reprodución da vida, dende a atención á dependencia á recollida de residuos, pero temos cada vez menos recursos para facelo: os concellos representan hoxe arredor do 12% do gasto público en España, o mesmo que hai 40 anos, mentres en países como Suecia chegan ao 60%, superando ao estado. E arrastramos un financiamento insuficiente e con pouca capacidade redistributiva, moi dependente dun imposto liñal e vinculado ao ladrillo como é o IBI.

O artigo 135 da Constitución foi modificado con nocturnidade e aleivosía para subordinar as persoas aos bancos, pero o 140, o que consagra a autonomía municipal, en parte a consecuencia do anterior pero non unicamente, está en permanente ameaza. Non é só a regra de gasto, moi popular nestas semanas. É a Lei Orgánica de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, á que pertence a regra de gasto. É tamén a Lei de Racionalización e Sostibilidade das Administracións Locais, popularmente coñecida como Lei Montoro. E é tamén a taxa de reposición de efectivos, que limita a capacidade dos concellos para contratar o persoal que esixiría unha prestación equitativa, eficaz e de calidade dos servizos públicos, aínda que teñas cartos para pagar postos de traballo.

Nun momento de incerteza, sen Orzamentos Xerais do Estado no horizonte, e poucos días despois de que a Xunta de Galicia aplicase un novo castigo á Coruña, a cidade peor tratada nas contas do goberno autonómico para 2018, cun terzo do investimento de Ourense, esta mañá aprobamos neste Salón de Plenos os maiores orzamentos da década no Concello da Coruña, se exceptuamos os anos electorais, nos que é tradición engordar as contas. 246,8 millóns de euros, o que representa un incremento de 7,4 millóns (un 3,1%) sobre 2017, para darlle un novo impulso á Coruña.



Chegamos a acordos con quen quere chegar a acordos, e por iso incorporamos 1,3 millóns de euros da Deputación da Coruña, e contamos cun proxecto de cidade sólido e viable, a Coruña Próxima da que tanto falamos, que recibiu unha importantísima inxección de 15 millóns de fondos europeos. Podemos permitírnos un orzamento coma o do ano que vén porque as contas están saneadas. En dous anos reducimos por enriba do 25% a débeda viva e nun 44,5% os préstamos. O ano que vén, o custo da débeda para o Concello, ou sexa, para todos e todas vós, volverá baixar, desta vez un 6,6%. Menos débeda equivale a menos custo de amortización, e isto significa o que significa: máis recursos para investir nas persoas. Máis recursos para investir no que hai que investir.

En 2018, con este orzamento, incrementaremos a nosa capacidade de investimento un 5,65% e con 29,2 millóns volvemos poñer A Coruña, un ano máis, á cabeza do investimento en Galicia, duplicando ao de Pontevedra e multiplicando por dez ao de Ourense, a cidade galega que peor o está a pasar. E dedicaremos a maior parte dos nosos esforzos ao combate contra a desigualdade, á construción dun espazo público accesible e de calidade ao servizo das persoas, á mellora e ampliación da rede de equipamentos públicos, ao impulso das políticas de fomento do emprego e de promoción económica, ás políticas culturais e deportivas, á participación cidadá e, por último, á mocidade, a ese 16% da nosa veciñanza, ao noso futuro, ao que dedicaremos unha especial atención.

O que entra será, pois, un ano de impulso para esta cidade, da man de proxectos relevantes, proxectos nos que levamos moito tempo traballando e que contribuirán a mellorar a vida das coruñesas e os coruñeses. Proxectos como a peonalización da Cidade Vella, que se acometerá no primeiro semestre deste 2018 que entra, dentro do plan municipal de dinamización do casco histórico da cidade, para acabar con esa anomalía que supoñen os vehículos que aínda circulan polas súas rúas e gañar vida para este enclave histórico. Ou como as Naves do Metrosidero, que comezarán a tomar forma coa renovación das antigas dependencias da Comandancia de Obras, e que darán paso a un novo equipamento público cidadán pensado para dar servizo a un colectivo específico, como é o da mocidade, nun espazo plural, diverso e inclusivo para a xuventude da Coruña, historicamente abandonada nos proxectos dos distintos gobernos e institucións, e que servirá tamén para dinamizar toda a contorna.

Nun ano no que por fin, o Ofimático poderá comezar a ser o que debeu ter sido hai xa moito tempo, un barrio máis desta cidade, co inminente remate das obras de urbanización necesarias para poder outorgar as primeiras licenzas de primeira ocupación e co avance dos cambios urbanísticos que permitirán excluír San Vicente de Elviña deste sector, de cara a protexer este núcleo tradicional, e seguir avanzando para completar a zona residencial do Ofimático.



O 2018 será ademais o ano no que as políticas ambientais desenvolvidas por este goberno desde a súa chegada serán visibles dunha maneira máis rotunda. As rúas reverdecerán co Plan de Expansión de Arborado e, como antes lles dixen, remataremos o ano con 1.500 novas plantacións na cidade. Este ano que entra será tamén o exercicio no que demos un salto tan importante como a consecución do obxectivo vertido cero, de forma que dende esta cidade, non se realizará ningunha vertedura incontrolada á rúa. E será tamén o ano no que esperamos poder ver recoñecidos como Espazo Natural de Interese Local a contorna da Torre de Hércules, un reduto natural de enorme valor ambiental, cultural e patrimonial e unha oportunidade para que tanto a veciñanza coo quen nos visita poida gozar dun entorno único e protexido, como xa o son as Illas de San Pedro, recentemente recoñecidas como ENIL tras o inxente esforzo da Concellería de Medio Ambiente.

Mención especial merecen os mercados municipais, que están chamados a ser verdadeiros núcleos dinamizadores dos seus barrios, para o seu tecido económico e para o seu tecido social, e para os que este goberno prevé dar un importante impulso no 2018 que terá continuidade nos anos vindeiros, para completar a remodelación do de Monte Alto, do de Durmideiras e do de Santa Lucía, mellorar a contorna de San Agustín e realizar outras intervencións en Elviña ou no mercado da Guarda.

Este 2018 será tamén o ano no que toda A Coruña e o Deportivo, equipo de Primeira, contará tamén cun estadio de primeira. Cun estadio de Riazor, un dos grandes símbolos e reclamos da nosa cidade, que será renovado, que contará con novas cubertas, con gradas, e cunha mellora considerable nas súas infraestruturas que facilitará o seu mantemento nos próximos anos. Estamos a falar dun investimento moi potente, de máis de 7 millóns de euros co que, fundamentalmente, garantimos a seguridade dos miles de veciños e veciñas que ao longo do ano animan ao noso equipo dende Riazor.

O cambio no noso modelo de mobilidade, a recuperación do noso borde litoral e a constitución, por fin, da área metropolitana da Coruña, seguen a ser os tres grandes retos nos que imos traballar sen descanso no ano vindeiro. Tres grandes retos que son, no fondo, un único desafío: o reto de que A Coruña decida o que A Coruña que quere ser no futuro, sexa dona de si mesma e se dote das ferramentas que merece.

Somos, como área metropolitana, o motor económico de Galicia. E queremos seguir séndoo. Para iso, temos que poñer en común e coordinar todas as nosas capacidades e potencialidades, que nos fan máis competitivos como axente económico, e acadar a masa crítica necesaria para xogar onde onde se xoga o século XXI: a liga das cidades intermedias, o suxeito emerxente en Europa.

Aproveito para mandarlle unha mensaxe de agarimo aos alcaldes e á alcaldesa da nosa área metropolitana e agradecerlles todo o traballo que fixemos xuntos ao longo deste 2017 que agora



despedimos. Formamos parte dunha mesma cidade. Unha cidade diversa, extensa, complexa. Temos problemas e necesidades comúns, vivamos onde vivamos. Para afrontalos, necesitamos tamén ferramentas común. Un concello de concellos, con competencias plenas. Unha área metropolitana á altura do que somos capaces de facer.

Este é o meu desexo como alcalde. Estes son os nosos desexos como goberno municipal. Agardo que sexan compartidos e que de hoxe nun ano nos volvamos ver aquí para celebrar, cando menos, que algúns deles se fixeron realidade.

Moitas grazas a todos e a todas e feliz 2018.